



## PROTOCOLO COVID19 - ASPECTOS PRINCIPAIS:

- As persoas da comunidade educativa que sexan caso confirmado deberán permanecer 7 días en illamento. Pasado este tempo, e sempre que non tivera síntomas durante cando menos os 3 últimos días, poderá incorporarse ao centro, mantendo unha vixilancia activa sobre a aparición de posibles síntomas ata completar polo menos 10 días desde o inicio do illamento.
- **Nin o alumnado, nin o persoal do centro, en ningún caso require de proba algunha para a reincorporación ao centro.**
- Os autotest non requiriran dunha proba complementaria para confirmar o caso.
- Definición de contacto estreito: persoa que pasa máis de 15 minutos a menos de 2 metros dun caso positivo ata as 48 horas antes da consideración de inicio da enfermidade (inicio de síntomas ou toma de mostra para a proba diagnóstica) sen uso axeitado de medidas de protección (máscara).
- O persoal docente e non docente, así como o alumnado de 12 ou máis anos, con pauta vacinal completa, non terán que facer corentena.
- No caso de alumnado menor de 12 anos, ante a aparición dun primeiro caso nunha aula e ata un total de 4, o alumnado non realizará corentena, independentemente do seu estado vacinal.
- Ante agrupacións de casos (5 ou máis casos confirmados de infección activa), seguiranse as pautas xerais par a determinación das corentenas dos contactos estreitos. Esta corentena será de 7 días desde o inicio de síntomas do último caso confirmado (sempre que non se desenvolvan síntomas durante este período).